Resumo do Informe do Estado de saúde dos ríos galegos 2015

10 ANOS
custodiando os ríos galegos

proxectoríos

Resumo do Informe do Estado de saúde dos ríos Galegos 2015
Coordinación e maquetación: Virginia Rodríguez
Redaccion: Virginia Rodríguez e Francisco Bañobre
Fotografía: Ramsés Pérez

Proxecto Ríos
Travesa de Basquiños, 9 Baixo
15704 Santiago de Compostela
www.proxectorios.org

Participación



A progresión na participación no Proxecto Ríos aparece reflictida na gráfica adxunta. A finais de 2015 o número de grupos inscritos foi de 322. 28 novos grupos amosaron o seu interese en participar no estudo e conservación dos nosos ríos, o que supón un incremento do 10%. A media de creación de grupos dende o inicio do proxecto era de 20 grupos novos por ano, cifra que se superou en 2013, 2014 e tamén en 2015. Non nos cansamos de dicir que o voluntariado é o verdadeiro protagonista do Proxecto Ríos e que sen a súa participación non se tería acadado a actual repercusión na sociedade e no estudo e conservación dos nosos ecosistemas fluviais.

Estimamos que arredor de 4.000 persoas están a traballar polos nosos ríos. Queremos agradecer polo tanto o compromiso da socidade galega co Proxecto Ríos durante máis dunha década.

Participación por provincias

Coa incorporación de 28 novos grupos durante 2015, a participación por provincias queda tal e como se amosa na seguinte figura. As provincias de A Coruña e Pontevedra son as que máis grupos de voluntarios/as aglutinan, como ven sendo habitual, con case o 80% da totalidade dos grupos. Nos últimos anos, 2013, 2014 e 2015, incrementouse a participación na privincia de Ourense, pasando dun 9% ao actual 11%, que supón un pequeno pero moi positivo aumento. Se comparamos este dato coa partcipación en Ourense do ano 2006, que era do 4%, podemos concluír que os esforzos adicados a mellorar a prticipación nas provincias menos poboadas está no bo camiño.



Ademais destes datos referidos ás inspeccións recibidas por parte do voluntariado, outro indicador sobre participación é a asistencia ás actividades que organiza o Proxecto Ríos ao longo de todo o ano. Na memoria de actividades pódese apreciar que a asistencia a cursos de formación, roteirríos, encontro de voluntariado, campos de voluntariado e limpeza simultánea foi moi satisfactoria, cubríndose en todos os casos as prazas ofertadas. Ademais en 2015 fixéronse 42 saídas formativas en 27 concellos que ofrecen apoio aos novos grupos que inician o seu percorrido no Proxecto Ríos e estimulan ao voluntariado a participar de maneira máis activa.

Calidade Hidromorfolóxica

O índice de heteroxeneidade fluvial (IHF) mide a presenza dos diferentes elementos que compoñen o ecosistema acuático para determinar se o hábitat, sobre o que se asentan as comunidades animais e vexetais do río, ten boa calidade ou non. Nun ecosistema acuático o elemento fundamental é a auga, mais non é o único: o tipo de substrato, a frecuencia de rápidos, a sombra, a cobertura de vexetación, etc. son moi importantes para que a vida sexa rica e diversa.

Todos estes parámetros permiten concluír se o hábitat está ben constituído, se presenta alteracións, ou se está empobrecido e degradado.

Os valores de calidade do hábitat en 2015 foron moi parecidos ao ano 2014. Así, máis da metade dos treitos estudados, tanto en primavera como en outono, amosaron que tiñan un hábitat ben constituído (61% en primavera e 71% en outono. Se os comparamos con anos anteriores 2011-2013, apreciase unha tendencia cara a melloría na morfoloxía fluvial. Aínda así, aproximadamente o 35% dos treitos de río estudados amosaron alteracións e degradación no seu hábitat. Só o 1% amosou en primavera un hábitat empobrecido. En outono son mellores a anos pasados, por unha banda, debido ao menor número de inspeccións recibidas, e por outra debido a que non se realizaron inspeccións en ríos canalizados ou con déficit hídrico como o Limia en Xinzo ou o Saíñas en Cangas. O único río que amososu un hábitat empobrecido en primavera foi o Rego de Xaralleira que desemboca na ría de Betanzos

As árbores que medran nas ribeiras dos ríos constitúen tamén un elemento morfolóxico fundamental do ecosistema fluvial. A degradación das masas de árbores que habitan nas marxes dos ríos é unha tendencia confirmada en informes anteriores. En 2015, constátase que ribeiras con alteracións importantes desembocan co tempo nun estado moi degradado, se en 2014 a media de marxes moi degradadas, tanto en pimavera como en outono, era do 18%, en 2015 este valor achégase ao 20% en primavera e é case do 25% en outono. Por outra banda, as marxes moi degradas medran a expensas das que posúen alteracións importantes, que diminúen con respecto a 2014 e 2013, mentres que as ben conservadas amosan valores parecidos a anos pasados, non chegando ao 40% na maioria dos casos.

Estes datos confirman que máis do 50% dos ríos estudados, tanto en primavera como en outono, amosan un bosque de ribeira en mal estado de conservación ben con alteracións importantes ou e moi degradado. No estudo que o voluntariado realiza da calidade do bosque de ribeira é moi importante a presenza de especies exóticas invasoras. Este aspecto determina o resultado final da aplicación do índice QRISI. Os treitos estudados coas dúas marxes moi degradadas correspóndense cos ríos Corgo, Lagar, Sarela, Gallo, Valdexería, Mero, Gafos, Louro, Pontiñas, Tella, Tea e Limia.



O voluntariado analiza tamén os impactos que se detectan no río, a cor e cheiro da auga, os usos do solo e a presenza de refugallos para completar o estudo da calidade hidromorfolóxica. Os impactos máis relevantes nos nosos ríos foron, en 2015, a presenza de canalizacións, presas e represas, seguido polos bordes rozados, a erosión e a presenza de colectores.

Nos usos do solo temos que o máis frecuente é a presenza de vexetación, ben sexa en forma de bosque de ribeira, de prados e herbas altas ou de cultivos; a continuación as infraestruturas, vías de comunicación, áreas recreativas e zonas urbanizadas, son os usos máis abundantes. A cor e cheiro da auga non amosaron grandes cambios con respecto a 2014, sendo transparente na maioría dos treitos estudados e non presentando olores significativos, agás algúns treitos con cheiros a sumidoiro e ovos podres. En canto aos residuos, os plásticos seguen ser o tipo de refugallo que máis presenza ten nos ríos, seguidos por latas, papel, vidro e voluminosos (entullos, pneumáticos, ferralla e electrodomésticos).

Calidade físico-química

Na calidade físico – química o voluntariado analiza a Temperatura da auga, o pH e a concentración de nitratos.

En canto á Tª os valores acadados nas inspeccións recibidas foron normais tanto en primavera como en outono, sendo os valores medios de 15 °C. Por primeiro ano medíronse temperaturas de máis de 20 °C nalgún dos ríos estudados polo voluntariado. O río Oitavén con 20 °C, os ríos Valdexería e Mero con 21 °C e o río Tea con 22 °C son un exemplo do aumento de temperatura na auga. Este dato é preocupante de confirmarse en sucesivos anos e pode ser outro indicador máis da incidencia do cambio climático. É de destacar tamén que o ano 2015 foi o máis caluroso dende que se teñen rexistros. A temperatura da auga sufríu en 2015 un aumento xeneralizado en todos os tramos: en 2014 a Tª media de todos os treitos foi de 13 °C, en 2015 foi de 15 °C; ningún treito de río tivo en 2015 Tª de 8 °C, cando en 2014 mediuse en 4 ríos.



O pH é un parámetro bastante estable nos ecosistemas acuáticos. Para que existan variacións mantidas no tempo o río ten que estar baixo presión continua. Aqueles treitos con pH 7 son os predominantes cun total de 54 en primavera e 24 en outono. Con pH 6 apareceron 8 treitos en outono e 15 en primavera. Houbo 20 treitos en primavera e 12 en outono con pH 8. Houbo treitos que presentaron valores de pH 5 que comezan a ser incompatíbeis co desenvolvemento normal da vida acuática. Estes ríos foron: o Saíñas (Cangas), que xa en 2012 e 2013 amosou este valor, en primavera; dous treitos do río Belelle (Neda) en outono, valor que acadou xa en anos anteriores (2011, 2012 e 2013). O río Pego (Brión) é o terceiro ano consecutivo que amosa un pH de 5 tanto en primavera como en outono.

A concentración de nitratos nos informa da cantidade de materia orgánica disolta dentro da auga. Practicamente a totalidade das inspeccións recibidas (93% en primavera e 98% en outono), a concentración de nitratos presentou valores normais de entre 0–5 mg/l. Apareceron en primavera dous treitos con 20 mg/l que se corresponden cos ríos Sil (O Barco) e De Mera (Silleda). En outono, só o río Mandeo ao seu paso polo concello de Curtis amososu este valor. O río Limia, que nos últimos anos sempre amosaba valores de concetración de nitratos de 20 mg/l, en 2015 presentou valores normais tanto en primavera como en outono.





Calidade Biolóxica

O voluntariado do Proxecto Ríos utiliza a análise das comunidades de macroinvertebrados para determinar o estado de saúde do seu treito de río, tendo en conta ademais o resto de parámetros físico – químicos e hidromorfolóxicos. A aplicación de índices biolóxicos é o sistema máis amplamente utilizado, pola súa fiabilidade e facilidade de aplicación, pola comunidade científica e confederacións hidrográficas. Ademais, o uso destes animais para determinar a calidade ecolóxica dunha masa de auga, está recomendada pola Directiva Marco da Auga.

Dos 146 treitos de río estudados, a maioría deles (83% en primavera e 74% en outono) presentaron unha saúde boa ou moi boa. Estes valores son máis altos que en 2014 e se aproximan aos de 2013: 85% en primavera e 76% en outono.

O voluntariado leva dende o ano 2010 facendo o estudo das comunidades de macroinvertebrados a nivel de familia para determinar con maior exactitude a calidade ecolóxica dunha masa de auga.

A tendencia dende o ano 2010 coa aplicación do novo índice é que predominan os treitos de río con calidade boa en detrimento dos que teñen moi boa calidade.

Dende o 2012, xa coa nova metodoloxía implementada, observase tamén unha disminucion na porcentaxe de rios en moi bo estado tanto na primavera como no outono. Compre indicar tamen que o estado moi bo é sempre maior na campaña de primavera que na de outono. Analizando o estado bo dende o 2012, observase un aumento paulatino, que está directamente relacionado coa disminución do estado moi bo. Ponse polo tanto de manifesto o trasvase de ríos do estado moi bo ao estado bo, e polo tanto constatase unha certa degradación da calidade dos ríos que se atopaban en un moi bo estado de saúde.

Calidade biolóxica en primavera



Calidade biolóxica en outono



En canto aos treitos que teñen calidade moderada obsérvanse porcentaxes similares aos anos 2011-13, cuns valores que están no 14% de media e que so no 2014 chegaron ao 17%.

Os treitos con calidade deficiente volven a valores próximos aos anos 2011-2013 cunha media entre campañas do 7,5% –no 2014 chegou ao 9%–. Estes valores se corresponden cos ríos Ouro (Alfoz) e Sil (O Barco) en primavera; en outono os ríos con saúde deficiente foron o Sar (Santiago), tres treitos do Mero (Cambre), e os ríos Limia (Xinzo), Gafos (Pontevedra) e Belelle (Neda).

Tanto na primavera como no outono de 2015 ningún dos treitos estudados polo voluntariado amosou valores malos de calidade. Historicamente están en malas condicións o Lagares ou Louro, nos que non se realizou este ano a inspección. Tamén cabe sinalar que os treitos do río Mero que en 2014 amosaron mala calidade en outono, este ano tiveron saúde deficiente, tamén o río Lagar (A Coruña) que en outono de 2014 tivo calidade mala, en 2015 mellorou ata o nivel de saúde moderado.

Datos por concas



A bacía hidrográfica é a unidade fundamental de estudo e reflicte o estado das masas de auga pertencentes a unha mesma área xeográfica. En Galiza existe unha agrupación administrativa dos ríos, concentrando varios ríos na mesma bacía hidrográfica. Así pois, temos cinco concas: Rías Baixas, Miño – Sil, Arco Ártabro e Fisterrá, Limia – Douro e Cantábrica.

A bacía das Rías Baixas é a que aglutina a maior parte dos grupos participantes e na que máis inspeccións se realizan, si ben, xunto co ano 2013, en 2015 a porcentaxe descendeu por debaixo do 50%. Respecto a outros anos (2010-2013) apréciase un aumento na participación na conca do Arco Ártabro, que xa en 2014 superou lixeiramente á bacía do Miño – Sil, e en 2015 colócase como segunda conca máis estudada polo voluntariado do Proxecto Ríos. A conca dos ríos que verten ao Cantábrico voltou a valores de 2013, cun 7%, mentres que a do Limia – Douro mantense nun 3% de participación en relación a 2014. As porcentaxes en detalle poden verse no gráfico adxunto.

De seguido facemos un tratamento dos datos recibidos por bacías. As seguintes táboas resumo reflicten os tres apartados máis relevantes nas inspección de río: a calidade do hábitat, a calidade do bosque de ribeira e a calidade biolóxica.



Na bacía das Rías Baixas os resultados da calidade do hábitat se manteñen en porcentaxes excelentes do 55% - 65% dos anos 2011, 2012, 2013 e 2014, coa diferenza de que non apareceu ningún treito co hábitat deficiente. Na conca do Arco Ártabro, o hábitat dos ríos experimentou unha paulatina melloría dende o 2011, descendendo ano a ano os treitos con hábitat moderado ata chegar ao 26% de 2015. Na bacía do Miño – Sil os resultados son comparables ao ano 2011, onde hábitats excelentes e moderados está moi próximos. Nas tres bacías máis estudadas, os treitos con hábitat deficiente experimentan en 2015 un descenso e aparecen só na do Arco Ártabro e Fisterrá cun discreto 3%. Nas bacías Cantábrica e Limia – Douro, o número de inspeccións recibidas non foron suficientes como para que os resultados amosados na táboa sexan extrapolables ao conxunto da conca.

En 2015, segundo os datos recibidos, a calidade do hábitat dos ríos estudados, agás na bacía do Arco Ártabro, é parecida ao ano 2014, onde unha elevada porcentaxe deles posúen hábitats excelentes. Pódese dicir que a morfoloxía dos cauces non está a sufrir importantes. Cabe salientar que na bacia do rio Limia-douro, o rio Limia pasa dun estado deficiente de anos pasados a un estado moderado.

Segundo se pode observar no gráfico adxunto, a conca do Arco Ártabro e Fisterrá é a que presenta as súas ribeiras mellor conservadas, dato que coincide cos obtidos no período 2012-2014, porén observase un paulatino descenso destas ribeiras ben conservadas ano tras ano. A bacía do río Miño deixa de ser a conca na que os ríos presentaban maior calidade do bosque de ribeira, asentándose definitivamente en valores que revelan unha degradación das ribeiras, posta de manifesto xa entre os anos 2012 e 2014. Na bacía das Rías Baixas aumentan as marxes moi degradadas en 7 puntos respecto a 2014, chegando ata o 22%. A degradación do bosque de ribeira é un feito que se leva manifestando dende o ano 2010. Existe ademais un incremento das marxes moi degradadas que indica que, ano tras ano, as ribeiras con alteracións importantes pasan a estar moi degradadas, deteriorándose aínda máis os bosques dos nosos ríos.

Para as bacías do Cantábrico e do Limia – Douro, os resultados non son concluíntes para o conxunto da conca, ao igual que sucedía coa calidade do hábitat, polo reducido número de inspeccións recibidas.



En canto ao estado de saúde dos ríos, a variación máis salientable que presentan os datos obtidos en 2015 respecto a 2014, é que non se observou ningún treito con mala calidade. A bacía das Rías Baixas recupera en 2015 os valores de 2012 e 2013 de treitos con saúde moi boa que volven a estar no 50%. Na conca do Miño hai un descenso dos treitos en estado moderado (9%), cando en 2012, 2013 e 2014 as porcentaxes foron do 15% - 25%. Na bacía do Arco Ártabro e Fisterrá os datos son moi parecidos a 2014, coa diferenza de que en 2015 ningún dos treitos estudados tivo mala calidae (en 2014 foi do 9%).

Nas bacías con menos inspeccións recibidas, os resultados amosan que na Conca do Limia – Douro –na que só se estudaron dous ríos– un deles tivo moi bo estado de saúde en primavera, mentres que o outro tivo saúde moderada en primavera e deficiente en outono no mesmo treito. Na Cantábrica por vez primeira pararece un río con saúde deficiente en primavera. No resto, predominan claramene os treitos en bo estado fronte aos moi bos.



De forma natural as zonas de cabeceira dos ríos representan os lugares mellor conservados en canto á biodiversidade das comunidades de macroinvertebrados. Supoñen ademais a reserva de fauna que coloniza o resto do río augas abaixo, por iso é de vital importancia a súa conservación e coidado. Os mellores resultados dos treitos estudados polo voluntariado pertencen a cursos medios altos dos nosos ríos, ou a zonas que non presentan unha elevada influenza das actividades humanas. Pola contra, os índices biolóxicos máis baixos seguen a ser os que atravesan cidades ou núcleos de poboación.

Iniciativa de:

Promove: